



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

### ORDE DO DÍA

#### **ORDE DO DÍA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OURENSE DO DÍA 1 DE XULLO DO ANO 2022, ÁS NOVE HORAS.**

1.- Aprobación das seguintes actas:

- Sesión ordinaria do día 3 de xuño de 2022
- Sesión extraordinaria urxente do día 7 de xuño de 2022.
- Sesión extraordinaria do día 9 de xuño de 2022.

*(Acceso a través do enlace remitido ao correo electrónico dos/das señores/as concelleiros/as. Para a súa constancia, prégase que confirmen aviso de recepción)*

2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial, dos seguintes decretos:

*(Acceso a través do enlace remitido ao correo electrónico dos/das señores/as concelleiros/as. Para a súa constancia, prégase que confirmen aviso de recepción)*

- Núm. 5725, do 15/06/2022, sobre delegacións das funcións da Alcaldía, no concelleiro Antonio Fernández Martín, para asistir aos actos previstos para os días 21 e 22 de xuño de 2022 e asinar en representación do Concello de Ourense nos actos correspondentes ao levantamento de actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polo “Proxecto construtivo para mellora do saneamento de augas residuais en Velle. Termo municipal de Ourense (Ourense).
- Núm. 5626, do 15/06/2022, sobre delegacións das funcións da Alcaldía, na concelleira Sonia Ogando Vázquez, para os días 28 e 29 de xuño de 2022 e asinar en representación do Concello de Ourense nos actos correspondentes ao levantamento de actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto “Variante de Ourense, Tramo: Enlace de EirasV2017022295eDras con la N-120 en su PK 573,800-Enlace de Quintela con la N-120 en su P.K. 572,000”.
- Núm. 5764, do 15/06/2022, sobre delegacións das funcións da Alcaldía no tenente de Alcalde, don Armando Ojea Bouzo, o día 16 de xuño.
- Núm. 5765, do 15/06/2022, sobre delegacións das funcións da Alcaldía no tenente de Alcalde, don Armando Ojea Bouzo, para asistir aos actos por mor da tradicional Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Santísimo Sacramento que terán lugar na cidade de Lugo o vindeiro día 26 de xuño de 2022.
- Núm. 5954, do 20/06/2022, sobre delegacións das funcións da Alcaldía, no concelleiro Antonio Fernández Martín, para acudir o día 22 de xuño de 2022 a sesión do Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense.





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

- 3.- Posta en coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local, de 21 de xuño de 2022, sobre delegación na Alcaldía do exercicio das atribucións de contratación menor en materia de estudos e traballos técnicos para a licitación do contrato do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria. (Expediente nº 2022026102).
- 4.- Posta en coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local, de 23 de xuño de 2022, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local (XV). Expte. Núm. 2022026380.
- 5.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de maio de 2022.

*(Acceso a través do enlace remitido ao correo electrónico dos/das señores/as voceiros/as. Para a súa constancia, prégase que confirmen aviso de recepción)*

### 6.- Parte resolutiva

*(O acceso ás mocións realizarase a través do enlace remitido ao correo electrónico dos/das señores/as concelleiros/as. Para a súa constancia, prégase que confirmen aviso de recepción)*

6.1 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a prol de mellorar a accesibilidade entre a rúa Ribeira de Canedo e o paseo ao carón da ponte nova, adecentando a contorna do Miño na ribeira pontina.

6.2 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre a creación en Ourense da segunda facultade de medicina de Galicia.

6.3 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar ao goberno municipal á recuperación do programa de mobilidade urbana “Camiño escolar” no próximo curso 2022/2023, formalizar a adhesión do Concello de Ourense á “Red de cidades que caminan” e deseñar e poñer en marcha o metrominuto Ourense





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

6.4 Moción do Grupo Municipal do BNG relativa á reorganización e optimización dos recursos materiais e humanos do servizo de limpeza e recollida de lixo.

6.5 Moción do Grupo Municipal do BNG relativa á adopción de medidas urxentes encamiñadas a rematar cos problemas de seguridade e salubridade existentes en varias zonas do concello derivado da proliferación de roedores.

6.6 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa ao fomento da reciclaxe de envases mediante a instalación de máquinas por incentivos.

6.7 Moción do Grupo Municipal de Democracia Ourensana para esixir a dimisión de Paula Prado del Río tras as súas declaracións sobre a chegada do AVE a Galicia.

7.- Mocións de urxencia

8.- Parte de información, impulso e control

8.1 Rogos

8.2 Preguntas

Ourense, 28 de xuño de 2022

O alcalde,

Gonzalo Pérez Jácome

